



**Á/A Sra. XERENTA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA
DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS**

Dende o pasado día 11 de Abril, hai unhas novas indicacións de uso de máscaras por parte do SERGAS e colgadas na páxina web: coronavirus.sergas.gal.

Á vista das "Indicacións xerais de uso de mascarillas cirúrxicas e equipos de protección respiratoria nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde na situación actual de alerta polo SARS-Cov-2. 11 de abril de 2020", e tendo en conta o especificado na referidas instrucción donde consta textualmente: "Nas circunstancias actuais, cunha certa transmisión comunitaria sostida de nivel descoñecido aínda que non semella moi elevada na nosa comunidade, e coa constatación de que pacientes presintomáticos poden ser transmisores un ou dous días antes do inicio dos síntomas, parece prudente aconsellar o uso das mascariñas cirúrxicas nos traballadores dos centros sanitarios cando se atopen en espazos de traballo nos que resulte imposible manter as medidas de distanciamento físico aconselladas (dous metros) durante o tempo que sexa necesario estar nese espazo.

Xa o pasado 2 de Abril, mediante escrito con rexistro 5309, solicitóuselle dende CIG-SAÚDE o uso xeralizado das máscaras cirúrxicas entre o persoal, e con escritos do 8 de Abril con rexistros 5352 e 5353, solicitóuselles a dotación de máscaras ao persoal de Farmacia e de Cociña respectivamente, ante a imposibilidade de distanciamento físico no posto de traballo de 2 metros como marca a indicación xeral.

O pasado día 12 de Abril, a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo a través do servizo de Medicina Preventiva e PRL, emite unhas indicacións, basadas nas anteriormente citadas, nas que recomenda o uso xeralizado das máscaras cirúrxicas entre o persoal "xa que o sentido básico desta medida é a de protección aos outras/os traballadoras/es, non de propia protección. É un acto solidario cos outros para limitar a posibilidade de transmitirles o virus, no caso de estar infectado sen ter manifestado síntomas ou telos moi leves."

Dende Cig-saúde requerimos , que:

- Con data 18 de Marzo hai unhas normas Xerais de Hixiene asinadas polas Sra. Xerenta e pola Xefa de Servizo de Medicina Preventiva nas que no punto 1 indica textualmente: "Agás naquelas actuacións con pacientes con sospeita ou confirmación de COVID-19 ou patoloxía de tipo respiratorio, **non é necesario** o uso xeral de mascarillas."
 - Pensan Vostedes facer unhas novas indicacións ou normas que rectiquen as do 18 de Marzo e indiquen o uso xeralizado de máscaras entre o persoal como se indican dende o propio SERGAS?
- Parécelles o máis adecuado , que sexa o propio persoal, mediante chamadas telefónicas á Consellaría de Sanidade, quen esté na procura de máscaras cirúrxicas ante a imposibilidade de que se lle oferten nos propios postos de traballo?
- Non pensan vostedes que coas indicacións da Consellaría de Sanidade sobre o uso xeralizado de máscaras entre @s traballador@s , exige unha revisión do protocolo desta Xerencia sobre o uso de máscaras?

SOLICITAMOS

- a dotación de mascarillas a todos os postos de traballo que non se poida manter distancia social de 2 m.
- Solicitamos relación de postos de traballo afectados e Constancia documental de entrega de mascarillas.

Santiago de Compostela a 15 de Abril do 2020



Xabier Alvedro Álvarez



Antonio Ramos Benito